



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 21 DE OUTUBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00046825D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00046825D.

Aprobación do proxecto da obra “Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro, A Curuxeira e Aríns”. POS+ Adicional 2/2021.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto da obra “Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro, A Curuxeira e Aríns”, que ten as seguintes características:

☑ Orzamento: 97.514,43 euros+ 20.478,04 euros de IVE= **117.992,47 euros**.

☑ Prazo de execución: 4 meses.

☑ Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita e incluílo no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO: “Pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro, A Curuxeira e Aríns”.

ORZAMENTO DO INVESTIMENTO. 117.992,47 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do POS+ Adicional 2/2021.